

BAREMO PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NO PROGRAMA DE VACACIÓNS IMSERSO FADEMGA Plena inclusión Galicia 2025/26

O baremo para a adxudicación de prazas no Programa de Vacacións IMSERSO Plena inclusión Galicia, dálle prioridade ás persoas en situación de maior discapacidade e nivel de dependencia, de maior necesidade socioeconómica, a pertenza a familia numerosa nas distintas categorías, o non haber asistido a viaxes en anteriores convocatorias, así como a necesidade de descanso familiar das persoas coidadoras habituais.

Consensuouse o peso que ha de ter cada un dos criterios establecidos polo IMSERSO quedando da seguinte maneira:

- **SITUACIÓN DE MAIOR DISCAPACIDADE – 20% do total de puntos**

Características persoais. Puntuarase en función da porcentaxe de discapacidade.

Máis do 75%	10 puntos
Entre o 60% e o 75%	6 puntos
Entre o 33% e o 59%	4 puntos

- **NECESIDADE SOCIOECONÓMICA – 15% do total de puntos**

Outorgarase prioridade ao que teña **ingresos anuais** máis baixos.

Recursos Familiares: Ingresos económicos anuais da Unidade económico de Convivencia (UEC) ou **Recursos persoais**, no caso de solicitante que viva de maneira independente:

Ata 10.875,90 €	9 puntos
Máis de 10.875,90 €	6 puntos

- **FAMILIA NUMEROSA – 10 % do total de puntos**

Familia numerosa especial	6 puntos
Familia numerosa xeral	4 puntos

- **NON TER ASISTIDO A ANTERIORES CONVOCATORIAS – 30% do total de puntos**

Darase preferencia ás persoas con discapacidade intelectual que soliciten praza por primeira vez ou non viaxaran recentemente con este Programa.

Non ter viaxado nunca _____	15 puntos
Ter viaxado en 2020 ou antes _____	12 puntos
Ter viaxado en 2022 _____	3 puntos

- **NECESIDADE DE DESCANSO FAMILIAR – 10% do total de puntos**

Darase preferencia a aquelas PDI que convivan nun núcleo familiar.

Convive cun só familiar _____	5 puntos
Convive con 2 ou máis familiares _____	3 puntos
Convive coa familia só en vacacións, fin de semana Vive só, vive en residencia/piso tutelad _____	2 puntos

- **OUTROS – 15 % do total de puntos**

Procedencia. A través da entidade, segundo o réxime de asistencia.

Persoa beneficiaria en Servizo atención residencia en entidades _____	7 puntos
Persoa beneficiaria en servizo atención diúrna en entidades _____	4 puntos
Persoa beneficiaria de outros Servizos de Apoio en entidades (ocio, deportes, emprego, formación ...) _____	3 puntos
Persoa non beneficiaria de servizos en entidades _____	1 punto

No caso de igualdade de puntuación entre as persoas solicitantes, decidirá o criterio do maior número de convocatorias sen ter viaxado, se este criterio coincide, outorgarase a praza á persoa con maior discapacidade e no caso de que persista o empate, elixirase á persoa que máis se adecúe a organización da viaxe.

Recórdase que de non estar cubertas as casiñas necesarias para a realización de baremación, nese apartado puntuarase cero.